

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 10 DE XUÑO DE 2021

Ás 10:05 horas do día 10 de xuño de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 7 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 5, 6b, 7, 8a, 10a e 11)
D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste ao puntos 2, 6a, 9b e 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do mantemento preventivo e correctivo das superestructuras dos vehículos de salvamento en altura (6.358-213)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ITURRI, S.A. (lotes 1, 2 e 3)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:07	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A94A-CED941-A78C36-A17HST-4EABJT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. TALLERES SERCOIN, S.L. (lote 2)

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación da capa de rodaxe da rúa Marín" (623-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais o 2 de xuño de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do mantemento preventivo e correctivo das superestructuras dos vehículos de salvamento en altura (6.358-213)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliada mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo lote 1	Prezo lote 2	Prezo lote 3
1	ITURRI, S.A (lotes 1, 2 e 3)	175.632,71 €	144.693,37 €	84,531,81
2	TALLERES SERCOIN, S.L. (lote 2)		90.231,52 €	

Os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación da capa de rodaxe da rúa Marín" (623-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliada mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	108.845,33 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	121.514,64 €
3	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	121.091,25 €



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Redución do prezo
4	NAROM, S.L.	123.517,62 €

Asiste á apertura D^a. Lara Alcalde Balado, con DNI número **. *07.82*, en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación de edificación para centro de formación na rúa Alta, nº23" (803-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 7 de xuño de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Colombia, fase 2" (771-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 7 de xuño de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur" (666-441) (lote 3)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:07	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A94A-CED941-A78C36-A17HST-4EABJT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Control Orzamentario da Área de Fomento do 7 de xuño de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación do lote 3 "Vigo Sur". A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda propoñer a exclusión de NAROM, S.L. deste procedemento por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que presentara xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun vehículo autobomba urbana pesada 4x2, sen dotación (chasis, carrozado e grupo de bomba) para o parque central de Teis do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.341-213)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios o 3 de xuño de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur" (666-441) (lote 3)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

Primeiro.- Excluir deste procedemento a NAROM, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que presentara xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 3 do procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur" (666-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	96,55
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	93,11
4	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	91,78



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:07	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A94A-CED941-A78C36-A17HST-4EABJT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 3, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) xa consta presentada para os lotes 1 e 2.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun vehículo autobomba urbana pesada 4x2, sen dotación (chasis, carrozado e grupo de bomba) para o parque central de Teis do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.341-213)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro dun vehículo autobomba urbana pesada 4x2, sen dotación (chasis, carrozado e grupo de bomba) para o parque central de Teis do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.341-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ITURRI, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A. (A-41.050.113), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). En relación coa solvencia técnica e profesional, ademais do esixido na cláusula 8.4.3º, deberá presentarse a documentación requirida no apartado 5B do anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reparación de danos na estrutura, adaptación contra incendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores” (639-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



A continuación informa que con data do 24 de maio de 2021 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U., S.L. a resolución de clasificación e o requirimento da documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP.

Dentro do prazo concedido, o 7 de xuño de 2021, o licitador presentou documentación. Logo da súa cualificación a Mesa acorda, por unanimidade, conceder ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U., S.L. un prazo de tres días a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U., S.L. para que poida emendar a acreditación da solvencia técnica polos seguintes motivos:

- Nos certificados presentados non consta a anualidade na que se executaron as obras polo que non é posible comprobar se o licitador posúe a solvencia técnica esixida na cláusula 8.4.3º do PCAP ("*Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados no curso dos cinco últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicarase importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao prezo do contrato*").
- Entenderase que o licitador posúe solvencia técnica se as obras executadas son do mesmo grupo e subgrupo que o correspondente a este contrato: Grupo I subgrupo 9, categoría 3 (artigo 88.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público).
- Lémbrese que o importe das obras executadas nos últimos 5 anos deberá ser igual ou superior ao prezo do contrato (426.116,78 euros).

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Demolición de edificación na avda. Samil, nº 26 (antiga cafetería Camaleón)" (863-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Demolición de edificación na avda. Samil, nº 26 (antiga cafetería Camaleón)" (863-441)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:07	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A94A-CED941-A78C36-A17HST-4EABJT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Primeiro.- Con data do 29 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar a declaración da tramitación de urxencia do expediente para contratar a execución do proxecto de "DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN NA AVDA. SAMIL, Nº 26 (ANTIGA CAFETERÍA CAMALEÓN)", polo Arquitecto Leopoldo Salceda Alvite e por conseguinte aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral de data 26 de abril de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "CENTO TRINTA E OITO MIL OITOCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS" (138.899,65 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 24.106,55 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9330 212 00 05 "Demolición Restaurante Camaleón", provinte da modificación orzamentaria nº 23/2021, segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	138.899,65 €
------	--------------

Por tratarse dun gasto anticipado, establecece a condición suspensiva da adxudicación deste contrato á entrada en vigor da modificación orzamentaria nº 23/2021, suplemento de crédito e crédito extraordinario (expediente 830/441), aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión de data 31 de marzo de 2021.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a RESIGAL GESTION INTEGRAL DE GALICIA, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 31 de maio de 2021.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Demolición de edificación na avda. Samil, nº 26 (antiga cafetería Camaleón)" (863-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	DEMOLICIONES JAVIER ARES S.L.	45.277,79 €



	Licitadores	Puntuación total
2	CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	43.054,53 €
3	EXCAVACIONES J.CARREIRA, S.L.	32.301,60 €
4	CONSTRUCCIONES Y DESMONTES RIBERA NAVARRA, S.A.	24.067,58 €
5	GRANIOREGA S.L.	20.821,80 €
6	POSADA ORGANIZACIÓN, S.A.	20.319,65 €
7	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	7.586,99 €

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, DEMOLICIONES JAVIER ARES S.L. (B-70.126.032), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, DEMOLICIONES JAVIER ARES S.L., o día 4 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 9 e 10 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 10 de xuño de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar DEMOLICIONES JAVIER ARES S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:07	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A94A-CED941-A78C36-A17HST-4EABJT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por DEMOLICIONES JAVIER ARES S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 31 de maio de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2021, de RESIGAL GESTION INTEGRAL DE GALICIA, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 31 de maio de 2021.*
2. *Adxudicar a DEMOLICIONES JAVIER ARES S.L. (B-70.126.032) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Demolición de edificación na avda. Samil, nº 26 (antiga cafetería Camaleón)" (863-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 93.621,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 16.248,42 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) (lote 3)

Dáse conta do recurso especial en materia de contratación interposto o 28 de maio de 2021 por QUÍMICA FÁCIL, S.L. contra a adxudicación del lote 3 deste procedemento. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 4 de xuño de 2021.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:07	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A94A-CED941-A78C36-A17HST-4EABJT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:07	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A94A-CED941-A78C36-A17HST-4EABJT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		